

RESOLUCIÓN Expte. RA-9 /2008, Aluguer do solo en parques eólicos

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, coa composición indicada máis arriba, e sendo relator D. Fernando Varela Carid, vogal, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA-9/2008, “Aluguer do solo en parques eólicos” (Expediente 9/2008, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC), tras examinar a proposta de non incoación de procedemento e arquivo efectuada polo SGDC segundo escrito de 8 de maio de 2008.

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- Con data 27 de marzo de 2008, este Tribunal remitiu ao SGDC unha noticia, publicada o 8 de marzo de 2008 nun xornal de ampla circulación en Galicia, referente a unhas supostas prácticas anticompetitivas entre as empresas produtoras de enerxía eólica en relación cos alugueiros que ditas empresas pagan aos propietarios dos terreos nos que se instalan parques eólicos. Esa noticia facíase eco dunhas declaracións

efectuadas en rolda de prensa o 7 de marzo de 2008 pola Asociación de propietarios de montes chamada Ventonoso.

- 2.- Tras a realización de certas dilixencias dentro da fase de información reservada, o SGDC remitiu a este Tribunal un escrito con data 8 de maio de 2008 no que se propón a non incoación de procedemento e o arquivo das actuacións xa que, en opinión do Servizo, non se aprecian indicios de infracción dos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia.
- 3.- O 2 de xullo de 2008, o Pleno do Tribunal deliberou e fallou sobre este asunto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A presente Resolución dítase ao abeiro da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia (en adiante LDC) por tratarse dun expediente aberto con posterioridade á súa entrada en vigor o pasado 1 de setembro de 2007.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 49 LDC, o inicio do procedemento sancionador pode realizarse de oficio ben por iniciativa da Dirección de Investigación, no noso caso, do Servizo, ou ben por iniciativa do Consello da CNC, no noso caso, o Tribunal.

Tal como se sinala nos antecedentes de feito, o 8 de marzo de 2008 o Tribunal remitiu ao SGDC a noticia aparecida na prensa galega referente a posibles prácticas anticompetitivas no sector eólico, coa intención de que o Servizo efectuara as investigacións oportunas para comprobar a veracidade da citada noticia e, no caso de apreciar indicios racionais de prácticas contrarias á LDC, iniciase a incoación dun expediente sancionador.

TERCEIRO.- O punto 2 do artigo 49 LDC sinala que ante a noticia da posible existencia dunha infracción, o Servizo poderá realizar unha información reservada para determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador.

Pola súa parte, o punto 3 do mesmo artigo 49 LDC establece que o Tribunal, a proposta do Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. Esa capacidade para decidir sobre a non incoación e o arquivo de expedientes implica necesariamente a capacidade para determinar se un expediente debe ser obxecto dunha análise mais detida e, no caso de se apreciaren polo Tribunal indicios de infracción, instar ao Servizo a que incoe o procedemento sancionador correspondente.

CUARTO.- O Servizo, dentro da fase de información reservada iniciada para resolver este asunto, remitiu un escrito á Asociación Ventonoso, para confirmar se, na opinión desa Asociación, existía ou non un pacto entre as empresas eólicas para establecer un prezo coordinado para o arrendamento das terras onde se instalan os parques eólicos e se achegasen datos sobre os posibles infractores, feitos concretos denunciados e probas de tal infracción das normas de competencia.

A Asociación Ventonoso, en síntese, respondeu a ese escrito indicando que nas súas declaracións efectuadas na rolda de prensa de 7 de marzo de 2008 non fixeran alusión a un pacto entre as empresas eólicas, reiterando, ao mesmo tempo, o contido da nota de prensa distribuída aquel día.

Á vista desa resposta, o Servizo conclúe, sen máis argumentación nin indagación fáctica, que “non aprecia indicios de condutas anticompetitivas

prohibidas na lei” e, en consecuencia e seguindo o disposto no artigo 49 LDC antes citado, propón a este Tribunal non incoar expediente sancionador e proceder ao arquivo de actuacións.

QUINTO.- Examinado o expediente e a información remitida polo Servizo, o Tribunal opina que non deben finalizar as indagacións e o exame deste asunto analizando exclusivamente as declaracións feitas pola Asociación de propietarios de montes Ventonoso.

Ora ben, aínda querendo basear o xuízo sobre a existencia ou non dunha conduta contraria ás normas de competencia nas meras declaracións da citada Asociación, habería que examinar o texto íntegro da nota de prensa distribuída o 7 de marzo de 2008.

Nesa nota de prensa, a Asociación Ventonoso afirma que “en cada zona de implantación futura de novos parques, **só hai unha empresa que lle estea a ofertar contratos aos propietarios.** Polo tanto, **non está a existir competencia real entre as eólicas, nin concorrência competitiva.** A falta de competencia leva ás empresas a ofertarlles `contratos lixo´ aos propietarios.”

Esas afirmacións da Asociación Ventonoso respecto das prácticas das empresas eólicas, se ben non constitúen un elemento suficiente para inculpar a esas empresas, impiden chegar á conclusión á que chega o Servizo de inexistencia de indicios de infracción. Polo contrario, o Tribunal estima que, á vista desas declaracións, non se pode descartar a existencia de tales indicios.

SEXTO.- En todo caso, o Tribunal considera que as declaracións da Asociación Ventonoso non poden ser o único elemento sobre o que basear un xuízo razoado sobre a existencia ou non de prácticas anticompetitivas neste expediente.

Tal como sinala o artigo 32 do Real Decreto 261/2008, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia, a actuación do Servizo, cando efectúa a cualificación dun expediente, debe estenderse a unha indagación obxectiva sobre as prácticas obxecto de análise dentro do mercado de referencia, é dicir, neste caso, o aluguer do solo onde se instalan os equipos electromecánicos para a produción de enerxía eólica.

O Tribunal entende que cómpre realizar tal indagación obxectiva que, neste caso, debería atinxir como mínimo á recollida da seguinte información por parte do SGDC:

- Análise dos alugueiros pagados realmente aos propietarios das terras onde xa se instalaron parques eólicos, durante os dous últimos anos, para tratar de examinar se existe ou non coincidencia no nivel de prezos e na súa evolución no tempo.
- Identificación das empresas que están negociando en cada zona na actualidade os alugueiros de futuros parques eólicos e se esas empresas representan a unha ou varias empresas eólicas.
- Análise dos contratos subscritos entre esas empresas intermediarias e as empresas eólicas.
- Análise das ofertas que, en cada zona, están facendo as empresas que negocian os referidos alugueiros e comparación dos mesmos cos prezos pagados en parques xa instalados.

SETIMO.- Por todo o anterior, este Tribunal estima que non se pode considerar probado que non existan indicios de condutas anticompetitivas neste caso, polo que procede ordenar que o SGDC realice unha indagación

obxectiva en liña co indicado no fundamento anterior e todas as demais probas que sexan precisas ata a completa cualificación xurídica deste asunto.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Considerar insuficientes as actuacións do SGDC para esclarecer os feitos que motivaron o inicio de oficio de dilixencias por supostas prácticas contrarias á Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia neste expediente e, por tanto, declarar que non procede o arquivo de ditas actuacións senón a continuación das indagacións ata a completa cualificación xurídica do caso, facendo constar que o Servizo debe achegar ao expediente información veraz e contrastada como mínimo dos seguintes aspectos:

- Análise dos alugueiros pagados realmente aos propietarios das terras onde xa se instalaron parques eólicos, durante os dous últimos anos, a partir da información que proporcionen os propietarios das terras e as empresas eólicas.
- Identificación das empresas que están negociando, en cada zona, na actualidade os alugueiros de futuros parques eólicos e se esas empresas representan a unha ou a varias empresas eólicas.
- Análise dos contratos subscritos entre esas empresas intermediarias e as empresas eólicas.
- Análise das ofertas que, en cada zona, están facendo as empresas que negocian os referidos alugueiros e comparación das mesmas cos prezos pagados en parques xa instalados.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, informandoos de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.